



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 15 DE MARZO DE 2010.**

### **ASISTENTES:**

#### **ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **CONCELLEIROS:**

D. José M. Balseiro Canoura

D<sup>a</sup>. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

#### **INTERVENTORA:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día quince de marzo de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º) APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES DE DATA 18 DE XANEIRO E 22 DE FEBREIRO DE 2010.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas plenarias de data 18 de xaneiro e 22 de febreiro de 2010.

Polo Sr. Fernández Bouza solicitase que con independencia de que os borradores das actas sexan colgados na páxina web do Concello, tamén se lle remita por correo electrónico ós membros da Corporación.

Polo Sr. Alcalde manifestase que se tomarán as medidas oportunas para que os borradores das actas sexan remitidas por correo electrónico a tódolos membros da Corporación.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-los borradores das devanditas actas plenarias.

### **2º) PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN PROVISIONAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta da Alcaldía obrante no expediente e dos informes emitidos polo Secretario e mailo Arquitecto Técnico Municipal.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde Presidente manifestase que o Plan Xeral de Ordenación Municipal cuia aprobación provisional se trae a esta sesión plenaria, é o resultado de máis de 10 anos de traballo; salientando que dito documento conta con tódolos informes sectoriais favorables, incluíndo a preceptiva memoria medioambiental.

Sinala o Sr. Alcalde que as diferenzas entre o P.X.O.M. aprobado inicialmente na sesión plenaria de 9 de xuño de 2008 e o actual que se trae a esta sesión para a súa aprobación provisional, son consecuencia das modificacións ordenadas polos informes sectoriais recibidos; fundamentalmente

do emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural; e da estimación de case o 70% das 373 alegacións presentadas durante o trámite de información pública.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que considera necesaria a aprobación provisional do P.X.O.M. para evitar que a previsible modificación da Lei do Solo de Galicia volva a supoñer como no pasado un retraso de anos na aprobación dun documento esencial para o desenvolvemento socioeconómico do Concello.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o Grupo Municipal de AVEXO vai votar a favor da aprobación do PXOM por considerar que efectivamente é un documento esencial para o desenvolvemento socioeconómico do Concello, e por considerar igualmente que tras unha tramitación de anos, o seu contido está suficientemente estudado e debatido.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que a súa intención non é a de poñer obstáculos ou retrasar a aprobación do PXOM, pero considera necesario por de manifesto que no documento que se trae a esta sesión para a súa aprobación provisional, se reflicte un aumento desmesurado do solo de protección forestal, en detrimento do solo de protección agropecuaria, sinalando que dito cambio en nada contribúe a unha ordenación racional do Término Municipal, e pola contra vai hipotecar gravemente o desenvolvemento dos núcleos rurais tradicionais.

Polo Sr. Alcalde manifestase que ditos cambios son consecuencia fundamentalmente da estimación das alegacións presentadas polos veciños, engadindo que a clasificación de solo de protección forestal é mais flexible que a clasificación de solo de protección agropecuaria.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que tamén considera excesivo o solo de protección forestal que se reflicte no PXOM, pero considera que é necesaria a aprobación do PXOM, xa que co actual planeamento está bloqueado o desenvolvemento do Concello en temas fundamentais como a dispoñibilidade de solo industrial ou o desenvolvemento do solo urbano non consolidado.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitín Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Ben Fernández e Casabella Lage, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e coa abstención do Sr. Fernández Bouza, acorda aproba-la proposta de Alcaldía obrante no expediente, e na súa consecuencia acorda:

- PRIMEIRO. Resolve-las alegacións presentadas consonte ao reflectido no Informe Proposta obrante no expediente como Documento I, Anexo I, Volume 1 de 1 do TOMO I, debendo remitir copia do presente acordo individualizadamente a todos e cada un dos alegantes axuntando igualmente copia do informe. Na notificación da estimación ( integra ou parcial) ou desestimación das alegacións farase constar expresamente que, en calquera caso, o documento urbanístico queda condicionado ás modificacións que no seu caso poidan ser ordenadas polo órgano autonómico con competencia para a súa aprobación definitiva.
- SEGUNDO. Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e dos informes emitidos.
- TERCEIRO. Unha vez dilixenciado, elevar o expediente de Plan Xeral de Ordenación Municipal á Dirección General de Costas nos termos e ós efectos do disposto no artigo 210.4.a) do Reglamento General para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de Costas.

- CUARTO. Unha vez dilixenciado, elevar o expediente de Plan Xeral de Ordenación Municipal á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

**3º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2010, Nº 3/2010 POR IMPORTE DE 90.500'00 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta ó concello Pleno da proposta da Alcaldía obrante no expediente que a seguir se transcribe íntegramente:

“*JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,*

*No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de gastos correntes e investimentos, obsérvase a insuficiencia de crédito en diversas partidas do Estado de Gastos para atender necesidades de carácter inaplazable a que se fai referencia na Providencia de Alcaldía.*

*De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acorda-la concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 2.481.129,42 euros.*

*A modificación que se propón refírese ós seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaprazable nos seguintes argumentos:*

*-Dótase o crédito necesario para acometer unha pequena obra de acondicionamento dunha área na Biblioteca Municipal para sala de lectura infantil.*

*-Dótase o crédito necesario para cubrir a aportación municipal da obra de acondicionamento de viais en Agramonte, a incluír dentro do plan provincial de infraestructuras de concellos de menos de 5.000 habitantes.*

*-Pretende adquirirse unha finca en A Vara para posteriormente mellorar o cruce das estradas de titularidade provincial por motivos de seguridade vial.*

*-Por último, resulta necesario proceder ao arranxo da cuberta do Centro Social de Vilachá tras comprobar o deterioro da mesma.*

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic. + Aumentos anteriores (por proxecto)</i>	<i>Aumento</i>	<i>Consignac. Final</i>	<i>Finalidade</i>
151.600	Urbanismo. Adquisición de terrenos	0,00	50.000,00	50.000,00	Adquisición dunha casa e finca en A vara (P. 23/10)
155.619	Vias públicas.	0,00	10.500,00	10.500,00	Acondicionamento viais

	<i>Investimento de reposición</i>				<i>en Agramonte (P. 24/10)</i>
453.619	<i>Carreteras. Investimento de reposición en infraestruturas</i>	0,00	12.000,00	12.000,00	<i>Mellora cruce carreteras en A Vara. (P. 25/10)</i>
332.212	<i>Bibliotecas e arquivos. Reparación de edificios</i>	0,00	5.000,00	5.000,00	<i>Sala de lectura infantil en biblioteca</i>
924.622	<i>Participación cidadá. Investimento en edificios</i>	0,00	13.000,00	13.00,00	<i>Arranxo da cuberta centro social Vilachá</i>
<b>TOTAL</b>			<b>90.500,00</b>		

*O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.009.*

*En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 3/2010 de Modificación de Créditos por importe total de NOVENTA MIL QUINIENTOS EUROS (90.500,00)”*

Enterado, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 3/2010 do Orzamento Municipal de 2010 por importe de 90.500,00 €, reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

#### **4º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA DO SISTEMA DE PENSIONES. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*“Xesús Xosé Fernández Bouza, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación:*

***MOCIÓN PARA DEMANDAR A RETIRADA DA PROPOSTA DE REFORMA DAS PENSIONES REALIZADA POLO GOBERNO DO ESTADO***

*O Goberno do Estado anunciou recentemente unha proposta sobre a revisión do Pacto de Toledo onde se propoñen diferentes medidas, sendo a máis relevante o incremento da idade legal de xubilación dos 65 anos actuais aos 67. Para o BNG resulta preocupante o actual contido desta proposta de revisión do Pacto de Toledo, considera que a mesma conta con varios elementos regresivos e non se pode xustificar aludindo a garantir o sistema público de pensións. O obxectivo do Goberno do Estado ao presentar a reforma é contentar aos mercados e devolver a confianza aos investidores internacionais sobre a solvencia do Estado español, e polo tanto dar garantías aos mercados financeiros de que o Estado ten capacidade para financiar a súa débeda pública no futuro.*

*A principal xustificación do Goberno para propoñer esta reforma é que o incremento da esperanza de vida e o futuro incremento do número de persoas anciáns porá en perigo a viabilidade futura do Sistema de Pensións. Sendo certo que as estimacións indican que se incrementará o número de pensionistas no futuro, trátase dun argumento retorcido, incompleto e erróneo, que non ten en conta outros factores, como os seguintes:*

- *Non se trata de comparar persoas anciáns fronte a xente moza, senón que a comparativa debe facerse en termos de pensionistas fronte a cotizantes da Seguridade Social. Así, nun Estado onde o paro ronda o 19% e a incorporación da muller ao mercado do traballo aínda é escasa (54%, fronte a algún país no que a taxa sitúase no 87%), existe unha ampla capa de poboación susceptible de ser cotizantes, mais que na actualidade non o son. Ademais, non se teñen en conta posibles fluxos migratorios que poderían incrementar considerablemente o número de cotizantes, como de feito sucedeu no Estado español nos últimos anos.*
- *Un descenso de cotizantes non implicaría descenso do volume de cotizacións -do mesmo xeito que a redución de traballadores e traballadoras do agro non implicou un descenso do volume de alimentos-, e isto é debido ao incremento da produtividade, da cal existe o consenso de que pode crecer a un ritmo ao redor do 1,5% anual. En boa medida, o futuro das pensións vai ligado á capacidade da economía para crecer, incrementar a produtividade e o valor engadido e xerar emprego.*
- *incremento na esperanza de vida de catro anos que se produciu nas últimas décadas non implica que cada pensionista cobre catro anos máis de pensión . De feito, o actual incremento da esperanza de vida ten un dos seus principais factores na redución da taxa de mortalidade infantil. Polo tanto, que se incrementase a esperanza de vida catro anos non implica directamente que unha persoa que chega á vellez viva de media catro anos máis.*

*O BNG considera que o actual sistema é sólido e solvente, e tamén que poden ser necesarias algunhas reformas no Sistema de Pensións, pero para corrixir os aspectos regresivos que contempla o Pacto de Toledo, pacto que foi apoiado tanto polo PP como polo PSOE, e supuxo o primeiro paso para o retroceso do carácter público do Sistema de Pensións. Polo tanto o BNG oponse frontalmente á reforma tal como a ten deseñado o Goberno do Estado.*

*Polo exposto, o BNG somete a consideración do Pleno o seguinte ACORDO*

- 1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que retire a actual proposta sobre a Reforma das Pensións, contemplada no “Documento sobre revisión do Pacto de Toledo”.*
- 2. Apoiar as mobilizacións en contra da actual proposta de reforma do Sistema de Pensións.”*

Aberto o debate, polo Sr. Fernández Bouza explícase os aspectos máis importantes da moción transcrita.

Polo Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo vai apoiar a aprobación da moción.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase igualmente o apoio do seu grupo a aprobación da moción.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de absterse por considerar que a reforma do sistema de pensións estase negociando na actualidade entre tódolos Grupos Políticos e tódolos axentes sociais e sen embargo a moción parecer dar por feito que estamos ante unha imposición.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Fernández Bouza, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención do Sr. Ben Fernández, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

#### **5º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A ADHESIÓN AO MANIFESTO “GALICIA TEN DEREITO”. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*“Xesús Xosé Fernández Bouza, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación:*

#### ***MOCION DE ADHESIÓN AO MANIFESTO GALIZA TEN DEREITO .- EXPÓN:***

*Como e ben coñecido nestes días prodúcese en Galiza un profundo debate social, económico e político en relación ao modelo de caixas de aforro de Galiza, derivado da modificación da Lei Galega de Caixas promovida polo BNG e finalmente aprobada pola maioría do Parlamento Galego o 29 de decembro de 2009, así como a posíbel fusión das dúas caixas propias do país, Caixa Nova e Caixa Galicia.*

*O recurso de inconstitucionalidade anunciado polo goberno do Estado contra o acordo do Parlamento Galego de 29 de decembro polo que se aproba a Lei Galega de Caixas, pode xerar graves problemas para que as nosas caixas cheguen a tempo de facer os trámites necesarios de cara a beneficiarse do fondos FROB e incluso pode derivar na deslocalización ou absorción das dúas caixas por parte doutras de carácter foráneo, o que tería nefastas consecuencias na existencia de ferramentas de financiamento para o sistema produtivo galego co drenaxe do aforro galego cara a outros territorios do Estado.*

*Por este motivo o BNG promoveu a sinatura do manifesto “Galiza Ten Dereito” asinado o 5 de febreiro de 2010 polos sindicatos CIG, UGT, CC.OO, a CEG e os partidos políticos BNG e PP, que ten o seguinte contido: Galiza ten dereito*

*Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.*

*Fronte a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioridade o mantemento da galegitude das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de Caixas.*

*O Parlamento de Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente pancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.*

*A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.*

*Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galiza ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.*

*Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:*

*1.- Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galiza.*

*2.- Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego. Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coa basca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galiza.*

*3.- Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegitude das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.*

*Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e preto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.*

*ACORDO:*

*A Corporación municipal de Xove acorda adherirse ao manifesto “Galiza ten dereito” dando traslado deste acordo aos grupos parlamentares representados na Cámara Galega, á Xunta de Galiza, aos Grupos Parlamentares representados no Congreso e no Senado e ao Goberno do Estado.”*

Aberto o debate, polo Sr. Fernández Bouza explícase os aspectos máis importantes da moción transcrita.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase igualmente o apoio do seu grupo a aprobación da moción.

Polo Sr. Ben Fernández manifesta a súa intención de absterse por considerar que o recurso de inconstitucionalidade interposto polo Goberno Central foi admitido a trámite polo Tribunal Constitucional, o que da a entender que existen cando menos indicios de que o Decreto da Xunta non se axusta ó disposto na Lei.

Remata a súa intervención o Sr. Ben Fernández sinalando que naide pode garantir que a fusión das caixas galegas non impida que a Caixa resultante desa fusión sexa absorbida por outra entidade financeira de maior capacidade, vistas as recentes declaracións dalgúns destacados dirixentes do Partido Popular a nivel nacional.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Alvarez, Fernández Bouza, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención do Sr. Ben Fernández, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

#### **6º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A GRATUIDADE DOS SERVIZOS DE DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE DE GANDO. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*“Xesús Xosé Fernández Bouza, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación:*

#### ***MOCIÓN PARA A GRATUIDADE DOS SERVIZOS DE DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE DE GANDO .- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*A Consellaría do Medio Rural ven de facer pública a súa intención de que, a partir do día 1 de febreiro, a desinfección de vehículos de gando –requisito obrigado pola normativa de transporte de animais vivos- deixará de ser gratuíta para o usuario e se verá gravada cunha taxa que oscilará entre os 6 e os 25 euros.*

*Este servizo véñse prestando desde a construción dos centros de desinfección integrados na rede pública, a través dunha concesión de explotación a Tragsega. O servizo sempre foi gratuíta, e desde a responsabilidade de goberno da Consellaría do Medio Rural na anterior Xunta de Galiza, o BNG mantivo esa gratuidade como mostra da política de apoio ao sector gandeiro, tan importante para o medio rural galego.*

*Con esta decisión o PP deixa ben claro o nulo interese en apoiar o sector agrogandeiro e defender a capacidade produtiva do rural do noso país. E non só vai afectar a tratantes e transportistas, porque rematará prexudicando a gandeiros que terán que afrontar directamente o custo do servizo para maior desgraza na situación de crise que atravesamos e outras eivas que afectan ao sector*



*agrogandeiro, repercutindo finalmente nos custos que consumidores e consumidoras pagarán polo produto final.*

*Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

*ACORDO*

*1.- Esixir da Consellaría do Medio Rural o mantemento do servizo público e gratuíto de desinfección dos vehículos que acudan con gando aos recintos das feiras, tal e como se vén facendo até agora.*

*2.- Trasladar esta petición ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Conselleiro do Medio Rural”*

Aberto o debate, polo Sr. Fernández Bouza explícanse os aspectos máis salientables da moción transcrita.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai votar en contra da aprobación desta moción, sinalando que nestes momentos de crise nos que é necesario un control rigoroso do gasto público, non parece moi lóxico que co diñeiro de tódolos contribuíntes se subvencione o 100% dos gastos dun colectivo profesional constituído polos transportistas de gando, máxime se consideramos que a Xunta de Galicia vai seguir financiando o 40,5% deses gastos, co cal as taxas a abonar polos transportistas serán moito máis reducidas que as que abonan, por exemplo, nas comunidades veciñas de Asturias, Cantabria ou Extremadura, gobernadas polo PSOE ou ás que abonan desde fai anos no Mercado de Gando de Amio, impostas polo goberno municipal de Santiago integrado polo PsdeG e o BNG.

Polo Sr. Fernández Bouza contestase que a eliminación da gratuidade deste servizo vai repercutir finalmente nos nosos gandeiros, agravando máis se cadra a fonda crise que está a sufrir este sector.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifesta que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción, por considerar que nos momentos de crise é necesario manter e non reduci-las axudas ós sectores produtivos.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que polas mesmas razóns que as expostas na intervención anterior, vai votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Fernández Bouza, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage, e Ben Fernández, e co voto en contra dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez e Meitin Guerreiro, acorda aproba-la moción do acordo anteriormente transcrita.

#### **7º) MOCIÓN DO BNG SOBRE O 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*“ Xesús Xosé Fernández Bouza, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación*

## **8 DE MARZO “DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES” .- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, lonxe do carácter testemuñal, cerimonial ou anestesiante que algúns pretenden, ten un sentido reivindicativo e visualizador da situación de discriminación que padecen as mulleres en xeral, e as galegas en particular.*

*Coincide este ano 2010 con dúas efemérides importantes que non deben pasar desapercibidas. A primeira delas é o Centenario da Instauración do 8 de Marzo como Día Internacional da Muller Traballadora. A segunda, o 125 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro, relevante no noso contexto nacional por recuperar a tradición escrita da nosa lingua, mais tamén por ser precursora do pensamento feminista na Galiza. A súa obra contén unha preocupación pola condición das mulleres e o seu papel na historia e na sociedade. Mais tamén unha denuncia do papel subordinado e discriminado das mulleres naquela altura.*

*A análise sobre a situación das mulleres na Galiza -ao igual que no resto do mundo- evidencia que a reivindicación de igualdade real segue tendo plena vixencia. Todos os indicadores evidencian a persistencia da discriminación de xénero.*

*A nivel laboral, as mulleres padecen taxas de paro moi elevadas, unha maior temporalidade e precariedade e cobran salarios inferiores. Unhas condicións que empeoran como consecuencia da crise económica. Tanto polo que supón a destrución de emprego, como polos recortes a nivel de dereitos laborais, que repercutirán negativamente nunhas condicións laborais xa precarias.*

*As discriminacións de xénero non se evidencian só no terreo laboral, o desigual reparto das tarefas derivadas do coidado e as reprodutivas é outro indicador relevante. Así todos os estudos revelan que son maioritariamente as mulleres que asumen estas tarefas, con consecuencias negativas no seu desenvolvemento persoal e laboral. Son maioritariamente mulleres quen abandonan os seus postos de traballo ante a necesidade de atender a menores ou persoas dependentes, quen utilizan os -escasos-recursos de conciliación da vida laboral e persoal, quen son penalizadas no acceso ao emprego remunerado nos períodos “potencialmente” reprodutivos... Unha situación inxusta que precisa de accións correctoras.*

*A chegada do PP á Xunta de Galiza após o 1 de marzo de 2009 está a supor un retroceso no desenvolvemento de políticas públicas que supoñan un avance real na superación das discriminacións de xénero. Os exemplos que podemos utilizar son múltiples:*

- *A primeira decisión que adopta o Presidente da Xunta de Galiza foi nomear un goberno que non é paritario, incumprindo a legalidade vixente que obriga a que o Consello da Xunta sexa paritaria.*
- *A segunda decisión, é apoiar unha Iniciativa Lexislativa Popular promovida por asociacións antiabortistas, que pretende crear unha rede, en mans destas asociacións, destinada a impedir que as mulleres decidan libremente sobre a súa maternidade.*
- *En paralelo, paralizan a actuación dos centros Quérote e desmantelan servizos de información ás mulleres como as equipas de igualdade das oficinas de I+B (que realizan traballo no ámbito rural) ou suprimen os Puntos de Información ás Mulleres.*
- *Desmantelan a rede de servizos sociais, canalizada a través do Consorcio, que sentaba as bases para a creación dunha rede de servizos públicos (de atención á infancia, dependentes e persoas maiores). Servizos que son básicos para “liberar” ás mulleres das tarefas do coidado,*

*facilitando a súa participación e desenvolvemento a nivel laboral, persoal ou cultural. Aí están as galescolas ou centros de día construídos e sen abrir, a cancelación da posta en marcha dun servizo de “kanguros” ou a vocación de privatización destes recursos.*

- *A promesa electoral de que se garantiría o principio de “a igual traballo, igual salario” ficou niso, nunha promesa, sen que se teña adoptado nin unha soa medida neste terreo. Mais no ámbito laboral, e apoio á incorporación das mulleres ao mundo laboral, eliminaron as axudas á cotitularidade, as axudas ás redeiras....*
- *Denunciamos o pasado 25 de novembro, a relaxación do goberno no desenvolvemento da Lei Galega contra a Violencia de Xénero. Cancelan a celebración de premios como o “Eu tamén navegar” (medida de sensibilización social), poñen atrancos no desenvolvemento do Programa Rodela, paralizan a plataforma de teleformación en violencia de xénero, ou segue pendente a posta en marcha de órganos como o Observatorio Galego de Violencia de Xénero ou o Consello Galego das Mulleres.*

*Ante esta parálise urxe reclamar un cambio de rumbo e unha aposta real por superar as barreiras que perpetúan a discriminación das mulleres.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO***

- *Realizar actos de conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, que impliquen a sensibilización social sobre a discriminación das mulleres, comprometendo ao conxunto de veciños e veciñas, asociacións e entidades deste concello.*
- *Realizar ao longo deste ano actos que promovan a difusión masiva da obra e vida de Rosalía de Castro, resaltando, tanto o seu papel na dignificación e recuperación da lingua galega, como no contido feminista da súa obra.*

*3. Reclamar á Xunta de Galiza a posta en marcha das seguintes actuacións:*

- *Elaboración dun Plan de Emprego para as Mulleres, que incida na incorporación das mulleres ao emprego remunerado, que recolla medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo igual salario, que incorpore liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos (labregas, mariscadoras, redeiras...) nos que hai un importante presenza feminina.*
- *Paralización do proceso de desmantelamento dos servizos sociais públicos, demandando a provisión con carácter público de novas prazas de escolas infantís, centros de día, prazas en residencias e a posta en marcha dun servizo público de Kangur@s.*
- *Readmisión das traballadoras despedidas do Consorcio e aposta por estender as equipas de igualdade nas oficinas de I+B.*
- *Desenvolvemento das actuacións previstas na Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero.”*

*Aberto o debate, polo Sr. Fernández Bouza explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe.*

*Polo Sr. Alcalde manifestase que en primeiro lugar quere manifestar o seu pesar pola actitude do BNG de Xove que aproveitando a celebración do día Internacional das Mulleres, nos que sería*

convinte a adopción unánime dun manifesto institucional en apoio dos dereitos das mulleres, presenta sen embargo unha moción cuio obxectivo é única e exclusivamente plantexar unha crítica absolutamente inxusta contra o goberno da Xunta de Galicia.

Polas razóns expostas, polo Sr. Alcalde manifestase que o Grupo Municipal do Partido Popular non lle queda máis remedio que lembrar cal foi a política do BNG nos catro anos que estivo ó fronte da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, e neste sentido compre salientar o seguinte:

- As famosas oficinas de I+B creadas polo BNG foron polémicas dende a súa creación, e foron duramente criticadas tanto no seo da FEGAMP como por unha gran parte de Alcaldes de Galicia, tanto do PSOE (baste recordar as declaracións do Alcalde de Lugo), como do PP; por considerar que invadían as competencias municipais; supoñían unha duplicación innecesaria de servizos sociais xa prestados polos Concellos, é en definitiva a creación dunha rede paralela manexada sen ningún tipo de control por parte dos dirixentes do BNG.
- O BNG deixou sen ningunha clase de cobertura orzamentaria o Plan Integral de Apoio as Familias e o Plan de Igualdade de Oportunidades.
- O BNG contratou durante os tres anos de vida do consorcio a máis de 1.200 traballadores para as 104 oficinas de I+B, e para os servizos centrais do Consorcio, como persoal laboral temporal, os xulgados do social e a inspección de traballo, ten declarado que 1 de cada 4 de ditos contratos foron realizados en fraude de Lei, e as sancións impostas superaron os 7.000 €. O BNG única e exclusivamente, cando perdeu as eleccións autonómicas, pretendeu converter en fijos a ditos traballadores mediante un procedemento de selección criticado por todo o mundo, incluídos as centrais sindicais U.X.T. e CC.OO. porque non garantían un mínimo de igualdade e transparencia; e aprobar por un xerente en funcións, uns incrementos retributivos negados durante os 3 anos anteriores con cargo a uns fondos inexistentes, xa que o crédito orzamentario xa estaba agotado.
- Resulta inconcebible que o BNG acuse ó actual goberno da Xunta de querer privatiza-la prestación de Servizos Sociais, cando o propio BNG creou un auténtico chiringuito, ó marxe de calquera tipo de control, para a prestación de servizos sociais esenciais a través do Consorcio, ou incluso de entidades totalmente alleas, como no caso da alimentación e do transporte.
- A situación económica que deixou o BNG e tan grave e caótica que aínda hoxe non se pode cuantificar con precisión cal é a situación financeira e as débedas pendentes de pago, o que sí se sabe con toda seguridade e que a relación de investimentos por importe de máis de 100.000.000 € para a construción de 116 novas infraestruturas sociais, aprobada polo BNG, é totalmente utópica, xa que nos orzamentos soamente se consignaron para o capítulo de inversións 7.000.000 €; e tamén se sabe con toda seguridade que as facturas sen aclarar ou sen recibos atopadas pola auditoría que se está a facer do consorcio, superan o importe do 1.500.000 €.
- Respecto do cumprimento da Lei Integral da Violencia de Xénero, resulta paradóxico que o BNG reclame agora o urxente e integral desenvolvemento de dita Lei, cando o BNG durante 21 meses nos que foi responsable da Secretaría Xeral da Igualdade, non puxo en marcha nin unha sóa das medidas previstas en dita Lei ( Consello Galego das Mulleres, Observatorio

Galego da Violencia de Xénero ou a Comisión Interdepartamental da Igualdade), de xeito que na actualidade a única medida efectiva e que ten contribuído a unha diminución importantísima dos casos de violencia de xénero segue a ser o instrumento xurídico da orde de protección aprobada por un goberno do Partido Popular.

Polo Sr. Fernández Bouza contestase que a defensa dos dereitos das mulleres é patrimonio da esquerda en xeral, e do BNG en particular, pero en ningún caso da dereita, que neste tema dos dereitos das mulleres, sempre foi a remolque das iniciativas da esquerda ou posicionouse claramente en contra, como está a suceder no caso do dereito ó aborto.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase igualmente que o PP non é quen de dicir ó BNG como ten que conmemorar o día internacional das mulleres, sinalando que o BNG seguirá co seu labor reivindicativo e de denuncia en favor e defensa dos dereitos das mulleres, pasando de fotos e chocolatadas.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que no fondo do asunto (os dereitos das mulleres) todo o mundo incluído o Grupo Municipal de AVEXO está de acordo, pero considerando que a maior parte da moción do epígrafe estase a referir a uns datos que escapan o coñecemento dos integrantes da Corporación, o seu grupo vaise abster por entender que a moción refírese a temas que non son de competencia municipal.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que á vista do contido da moción e da intervención do Sr. Alcalde, da a impresión de que en vez de estar nunha sesión do pleno do Concello de Xove, estamos nunha sesión do Parlamento Galego, engadindo que sería bo que as iniciativas, tanto do BNG como do PP tiveran unha incidencia máis directa nos asuntos municipais.

Rematado o debate, a Corporación, co voto favorable dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, o voto en contra dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez e Meitin Guerreiro, e coa abstención dos Sres. Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage acorda rexeitar a moción do epígrafe anteriormente transcrita.

### **8º) MOCIÓN DO P.P. SOBRE O SISTEMA DE PENSIONÍS. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

#### *“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN CO SISTEMA DE PENSIONÍS*

*O Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para o seu debate e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte MOCIÓN*

*O Goberno vén de anunciar unha reforma do sistema de pensionís e a posibilidade de retrasar a idade de xubilación aos 67 anos. Un debate improvisado que está a crear alarma entre a sociedade, posto que, en plena crise económica, e por primeira vez en moitos anos, todos os pensionistas perderán poder adquisitivo.*

*Os pensionistas son os que máis están a sufrir os erros económicos do Goberno. As nóminas dos pensionistas este ano son inferiores ás do ano pasado. As pensionís de 115.000 galegos veranse recortadas a través dun incremento no IRPF aplicable ás súas pagas.*

*Zapatero leva dous anos sen actualizar os mínimos da renda, en contra da súa promesa electoral. Isto implica que, co mesmo nivel de ingresos que en 2007, se pagan máis impostos.*

*Por se fose pouco, o Goberno do Partido Socialista eliminou, precisamente este ano, a dedución de 400 euros que prometeu na campaña electoral de 2009. Unha dedución que foi outra decisión improvisada, que non beneficiou aos que máis a necesitaban e que supuxo un importante esforzo das arcas públicas. Agora, no peor momento da recesión, en lugar de manter esta axuda que Zapatero vendeu como respaldo ás familias en tempos de crise, retíranla para todos por igual, sen ter en conta a dramática situación de moitas familias e, por suposto, dos pensionistas.*

*O Goberno central está a ocultar a verdadeira situación da Seguridade Social:*

- *Desde xullo de 2007 perdéronse máis de 1,5 millóns de cotizantes.*
- *3 millóns de persoas están a cotizar só mentres lles dure o paro.*
- *A Seguridade Social está gastando a un maior ritmo (7%) do que ingresa (0%).*
- *O superávit desplomouse un 30%.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación se procede, o seguinte ACORDO:*

*Instar ao Goberno do Estado a:*

*1. Que non recorte o poder adquisitivo dos 115.000 pensionistas galegos afectados pola súa decisión de baixar as pensións en todo o Estado.*

*2. Que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seo do Pacto de Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os Grupos Parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible.*

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN CO SISTEMA DE PENSIONES**

*O Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para o seu debate e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a seguinte*

#### **MOCIÓN**

*O Goberno vén de anunciar unha reforma do sistema de pensións e a posibilidade de retrasar a idade de xubilación aos 67 anos. Un debate improvisado que está a crear alarma entre a sociedade, posto que, en plena crise económica, e por primeira vez en moitos anos, todos os pensionistas perderán poder adquisitivo.*

*Os pensionistas son os que máis están a sufrir os erros económicos do Goberno. As nóminas dos pensionistas este ano son inferiores ás do ano pasado. As pensións de 115.000 galegos veranse recortadas a través dun incremento no IRPF aplicable ás súas pagas.*

*Zapatero leva dous anos sen actualizar os mínimos da renda, en contra da súa promesa electoral. Isto implica que, co mesmo nivel de ingresos que en 2007, se pagan máis impostos.*

*Por se fose pouco, o Goberno do Partido Socialista eliminou, precisamente este ano, a dedución de 400 euros que prometeu na campaña electoral de 2009. Unha dedución que foi outra decisión improvisada, que non benefician aos que máis a necesitaban e que supuxo un importante esforzo das - arcas públicas. Agora, no peor momento da recesión, en lugar de manter esta axuda que*

*Zapatero vendeu como respaldo ás familias en tempos de crise, retirana para todos por igual, sen ter en conta a dramática situación de moitas familias e, por suposto, dos pensionistas.*

*O Goberno central está a ocultar a verdadeira situación da Seguridade Social:*

- *Desde xullo de 2007 perdéronse máis de 1,5 millóns de cotizantes.*
- *3 millóns de persoas están a cotizar só mentres lles dure o paro.*
- *A Seguridade Social está gastando a un maior ritmo (7%) do que ingresa (0%).*
- *O superávit desplomouse un 30%.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación se procede, o seguinte ACORDO:*

*Instar ao Goberno do Estado a:*

- 1. Que non recorte o poder adquisitivo dos 115.000 pensionistas galegos afectados pola súa decisión de baixar as pensións en todo o Estado.*
- 2. Que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seo do Pacto de Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os Grupos Parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible.”*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente, explícanse os aspectos máis salientables da moción transcrita:

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que está convencido que a proposta que no seu caso tería presentado o Partido Popular sería moito mais reactiva para os dereitos dos pensionistas, engadindo que vaise abster na votación xa que a moción presentada non aporta ningún tipo de alternativas á proposta presentada polo Goberno Central.

Polo Sr. Alcalde manifestase que respeta a opción de voto de tódolos membros da Corporación, pero considera non aceptables as presuncións e xuízos de valor como o formulado polo Sr. Fernández Bouza.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que se vai abster polas mesmas razóns polas que se abstuvo na votación da moción presentada polo BNG que figura no punto 4º na orde do día.

Rematado o debate, o concello Pleno cos votos favorables dos Sres/Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Alvarez, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage, e coa abstención dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

### **9º) MOCIÓN DO P.P. SOBRE A ADHESIÓN AO MANIFESTO GALICIA TEN DEREITO. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

*“O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da*

*Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*As caixas de aforros de Galicia, en canto entidades financeiras de carácter social e de natureza fundacional, teñen unha clara vinculación co territorio no que se asentan, sendo un instrumento fundamental no financiamento da economía galega. É precisamente esa función, a que ha de contribuír a mellorar o nivel socioeconómico de Galicia, máis necesaria que nunca nun contexto coma o actual de recesión económica e dificultades financeiras.*

*O 29 de decembro de 2009 o Parlamento de Galicia, en desenvolvemento do artigo 30.I.5 do Estatuto de Autonomía, aprobou cunha maioría cualificada de 2/3, a Lei 10/2009, do 30 de decembro, pola que se efectúa unha modificación lexislativa das caixas de aforros de Galicia.*

*A reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente pezas claves para o desenvolvemento da economía produtiva do País.*

*A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galicia que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.*

*Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galicia ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.*

*Por iso, o 5 de febreiro de 2010, reunidos no Parlamento de Galicia, o representante dos empresarios Galegos, os representantes das organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT, e mais os representantes dos partidos políticos BNG e PP, acordaron asinar o manifesto “Galicia ten dereito” sobre o futuro do sistema financeiro galego, e trasladar ó resto da sociedade o seu contido para que se sumen todos aquelas institucións, organizacións, asociacións, entidades ou persoas que coincidan cos seus postulados.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:*

#### *PROPOSTA DE ACORDO:*

*O Pleno do Concello de XOVE acorda adherirse ao Manifesto “Galicia ten dereito”, dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.”*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícase os aspectos máis importantes da moción transcrita.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase igualmente o apoio do seu grupo a aprobación da moción.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Ben Fernández manifesta a súa intención de absterse polas mesmas razóns polas que se abstivo na votación do punto 5º da orde do día.



Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Fernández Bouza, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención do Sr. Ben Fernández, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

### **10º) MOCIÓN DO P.P. DE APOIO Ó RECOÑECIMENTO OFICIAL DO CAMIÑO DO MAR COMO RUTA DE PEREGRINACIÓN XACOBEA. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

#### ***“MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN APOIO DO RECOÑECIMENTO OFICIAL DO CAMIÑO DO MAR COMO RUTA DE PEREGRINACIÓN XACOBEA***

*Que se fundamenta na seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Froito das investigacións históricas que teñen por obxecto o enriquecemento do noso patrimonio inmaterial como é, neste caso, o Camiño de Santiago estarían a multiplicarse os datos que demostran a existencia dun novo trazado viario de peregrinación na costa norte galega, coñecido como O Camiño de Mar*

*Cómpre aclarar que non se trata dun viario descoñecido e independente. As investigacións realizadas apuntan máis a que este camiño é unha continuación do trazado costeiro do Camiño do Norte en Asturias, que ao chegar a Ribadeo se bifurca: Por un lado un ramal entraría polo interior, Ove, Arante, Lourenzá e Mondoñedo, ou o que é o mesmo o trazado oficial do Camiño do Norte e outro continúa pola costa.*

*O trazado deste vieiro empeza en Ribadeo, continúa polos concellos de Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo, Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón e chega ata Neda, no que se funde co trazado oficial do Camiño Inglés chegando a Santiago.*

*Para que un camiño deixe de ser unha simple vía de comunicación e se converta nun camiño de peregrinación debe cumprir tres requisitos indispensables: Demostrar a existencia dun camiño histórico sobre o que poder trazar, posteriormente, o itinerario da vía de peregrinación, corroborar a existencia dunha rede asistencial na que os peregrinos podan acollerse e atopar comida e cama e, finalmente demostrar a presenza continuada de peregrinos entorno a el e nun espazo temporal continuado.*

*Todas estas condicións se estarían a cumprir no caso do Camiño de Mar, pois existe documentación histórica máis que suficiente para dar testemuña da existencia deste vieiro. Documentación que pode consultarse actualmente nos arquivos catedralicio e diocesano de Mondoñedo, no Histórico Nacional e en diversos arquivos municipais e parroquiais. Analizando polo miúdo os distintos apeos existentes e os lindes das fincas que alí aparecen podemos comprobar, polo menos no século XVI, a existencia dun camiño denominado “Camiño Francés que de Ribadeo va a la puente de la Espiñeira”, foi o trazado deste camiño o que seguimos ata San Martiño de Mondoñedo e desde aí, segue ata Viveiro, desde, como se comprobou, continuaba ata Santiago.*

*En torno a este tramo lucense articúlase unha rede asistencial composta por 5 hospitais: San Sebastián en Ribadeo, San Sebastián en San Martiño de Mondoñedo, San Andrés na parroquia de Lieiro, Santa Ana en Santiago de Celeiro, Santiago na parroquia de Santiago de Viveiro. Salvo o*

*hospital de San Andrés de Lieiro, fundado en el año 1641, os restantes son de fundación inmemorial; para os casos de Ribadeo e Viveiro existen noticias documentais da súa existencia xa dende mediados del século XIV, (hoxe incluso se conservan varios testamentos, o máis antigo de 1342, nos que xa se deixan mandas para os hospitais existentes en Viveiro)*

*Finalmente a presenza de peregrinos nun espazo cultural determinado resulta probada despois dunha simple consulta dos rexistros parroquiais. Como mínimo dende o ano 1502 e ata principios do século XIX existe a constancia da peregrinación dun mínimo de 142 persoas que empregaron o Camiño de Mar. Falamos dun “mínimo de 142 persoas” porque os investigadores que levaron a cabo o minucioso traballo de estudo deste novo viario cando atopaban constancia dun peregrino morto anotaban só un peregrino, pero como é lóxico comprender case en ningún caso ían solos, máis ben o contrario, xa que discorrián en pequenos grupos, buscando no número un elemento de defensa contra posibles asaltantes. O número de peregrinos rexistrados (142) podía, sen ningún tipo de risco, multiplicarse polo menos por dez.*

*Tendo en conta todo o explicado, a conclusión resulta moi sinxela: é imposible negar a existencia dun camiño físico entre Ribadeo e Viveiro, entorno ao cal existe unha rede hospitalaria empregada por peregrinos e, polo tanto, cómpre dotalo do recoñecemento oficial que corresponda.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación as seguintes:*

***PROPOSTAS DE ACORDO:***

*PRIMEIRA.- Instar á Xunta de Galicia á desenvolver os trámites e xestións que estime oportunas co obxecto de oficializar como ruta xacobeá este novo viario de peregrinación coñecido como Camiño do Mar.*

*SEGUNDA.- Amosar o apoio decidido da Corporación Municipal, nas tarefas que a Xunta de Galicia, a Deputación provincial e outras institucións e organizacións poidan desenvolver na divulgación e promoción deste percorrido que empeza en Ribadeo, continúa polos concellos de Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, Ortigueira, Cedeira e chega ata Neda, no que se funde coa ruta oficial do Camiño Inglés chegando ata Santiago*

*TERCEIRA.- Dar conta do presente acordo ao Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, á área de Cultura e Deporte da Deputación provincial de Lugo, ao presidente da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo e aos distintos Grupos Parlamentarios da Cámara galega.”*

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción anteriormente transcrita.

**11º) DESIGNACIÓN DE XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente incoado para o nomeamento de Xuíz de Paz substituto do Concello de Xove a instancias do escrito remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Polo Alcalde sinalase que a solicitude presentada por Dª María Dolores Suárez Oliver, reúne tódolos requisitos para o exercicio axeitado do cargo, toda vez que dita persoa xa exerceu no pasado, e durante anos o cargo de Xuíz de Paz do Concello de Xove.

Visto o expediente de referencia, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Fernández Bouza, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage, e Ben Fernández, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda seleccionar para desempeña-lo cargo de Xuíz de Paz sustituto do Concello de Xove a D<sup>a</sup> María Dolores Suárez Oliver, titular do DNI 76.564.115-J, coa titulación de Diplomada en Profesorado de Educación Xeral Básica e que na actualidade atende o negocio familiar de Ferretería e remitir copia completa do expediente tramitado á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de A Coruña.

### **12º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo nin rogos nin preguntas.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte unha horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo